

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 21 DE XULLO DE 2015

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **DOCE HORAS E CINCO MINUTOS** do día **VINTEUN DE XULLO DE DOUS MIL QUINCE**, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde **D. MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ**, reúnese a Xunta de Goberno Local, coa asistencia dos tenentes de Alcalde **D. KLAUS BREY MONTAÑA** e **D^a ANA LUISA GONZALEZ COSTA**, os concelleiros, membros deste órgano, **D. JESUS TABOADA LÁZARA** e **D^a M^a JOSÉ FERNÁNDEZ RODRIGUEZ**, e da Secretaria da Corporación **MARIA CACHARRO LOPEZ**, que suscribe e da fe. Asisten tamén o Interventor municipal **MANUEL QUINTÁNS QUEIRUGA** e, por telo autorizado o Alcalde, a concelleira **PILAR PEÓN IGLESIAS**.

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1º.- **APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: ORDINARIA DO 7 DE XULLO DE 2015.**
- 2º.- **APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE 'INSTALACIÓN DUN ASCENSOR NA CASA DA CULTURA DE SILLEDA'.**
- 3º.- **URBANISMO: LICENZAS E AUTORIZACIÓNS.**
- 4º.- **INTERVENCIÓN.**

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: ORDINARIA DO 7 DE XULLO DE 2015

Preséntase para a súa aprobación a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o 7 de xullo de 2015. Non se producen intervencións, polo que queda aprobada a dita acta.

2º.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE 'INSTALACIÓN DUN ASCENSOR NA CASA DA CULTURA DE SILLEDA'

Á vista de que mediante resolución do 19/06/2015 a Deputación Provincial de Pontevedra concedeu a este Concello a cantidade de 61.058,56 € para realizar o investimento denominado "instalación de ascensor no edificio da casa de cultura de Silleda (PPOS/15). O proxecto técnico, redatado polo arquitecto Martín Pereiras Corzón foi aprobado mediante resolución do 09/03/2015, e replanteado na mesma data sen que se advertira a necesidade de obter terreos/bens/dereitos non disponibles para esta Administración nin autorizacións ou informes sectoriais.

Á vista da dita documentación, obrante no expediente, do Prego de Cláusulas Administrativas particulares, informado xurídicamente, e logo da fiscalización



favorable da Intervención municipal, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións conferidas pola DA 2ª e o artigo 110 do TRLCSP, delegadas polo Alcalde na resolución do 27 de setembro de 2013, pola unanimidade dos seus membros, **ACORDA:**

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación das obras obxecto do proxecto "Instalación dun ascensor na Casa da Cultura de Silleda" aprobado por resolución do 09/03/2015, mediante procedemento negociado sen publicidade.

SEGUNDO. Autorizar, pola contía de 61.058,56 € euros, o gasto que para este concello representa a devandita contratación, con cargo á aplicación 333.619.05 do estado de gastos do orzamento municipal vixente.

TERCEIRO. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán o dito contrato.

CUARTO. Solicitar ofertas ás seguintes empresas, escollidas de común acordo polo Alcalde e os Concelleiros presentes, por considerarlas capacitadas para realizar o obxecto do contrato.

- Ascensores ENOR S.A.
- Construcciones Fernández Sarmiento, S.A.
- Endenor, Mantenimiento y Servicios, S.L.

3º.- URBANISMO: LICENZAS E AUTORIZACIÓNS.

3.1.- Licenzas.

3.1.1.- Obras de mantemento e conservación na cuberta da vivenda no lugar de Laro.

Vista a solicitude de licenza, presentada por J. F. M. Rexistro de Entrada nº 2556 de data 5 de xuño de 2015, para Obras de mantemento e conservación na cuberta da vivenda sita na parcela número 543, polígono 5 da concentración parcelaria de Laro- Parada. Referencia catastral: 36052S50509530

De acordo co informe emitido o 6 de xullo de 2015 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA OUTORGAR a LICENZA** solicitada, con suxeición ás seguintes condicións:

- As obras que se pretender realizar consistirán, segundo se manifesta na solicitude: Obras de mantemento e conservación na cuberta da vivenda. Segundo se aprecia no orzamento que se aporta, preténdese retirar tella vella, colocar pranchas de fibrocemento e sobre elas colocar tella curva e tellóns de cumio.

- Non se alterará ou modificará a configuración arquitectónica do edificio, nin afectará a súa estrutura ou instalacións xerais, e empregaranse materiais de iguais características que os tradicionais existentes no seu entorno.

- As obras consistirán exclusivamente na Obras de mantemento e conservación na cuberta da vivenda para a conservación do inmovible, co fin de manter o aspecto estético, a funcionalidade e a boa imaxe construtiva do edificio, co mantemento do uso preexistente.

3.1.2.- Obras de mantemento e conservación na cuberta da vivenda no lugar de Campo, Piñeiro.

Vista a solicitude de licenza, presentada por *J. A. G. G.*
Registro de Entrada nº 1408 de data 6 de abril de 2015, para Obras de mantemento e conservación na cuberta da vivenda sita no lugar de Campo, nº 8, Piñeiro.

De acordo co informe emitido o 6 de xullo de 2015 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA OUTORGAR a LICENZA solicitada, con suxeición ás seguintes condicións:

- As obras que se pretender realizar consistirán, segundo se manifesta na solicitude: Obras de mantemento e conservación na cuberta da vivenda. Tal e como se especifica na mesma, preténdese a "Substitución puntual de tella en mal estado de conservación por tella roxa nova do país". Neste sentido, o artigo 317.5.c (en SNR Histórico- Tradicional) e 324.5.c (en SNR Común) do planeamento aprobado inicialmente, establece que "Salvo en casos debidamente xustificadas e previa autorización preceptiva do Concello, o material preferente a utilizar na terminación da cubrición será a tella de cerámica". Cómpre sinalar que a lexislación vixente obriga ao acabado en tella curva das cubertas.

- Non se alterará ou modificará a configuración arquitectónica do edificio, nin afectará a súa estrutura ou instalacións xerais, e empregaranse materiais de iguais características que os tradicionais existentes no seu entorno.

- As obras consistirán exclusivamente na Obras de mantemento e conservación na cuberta da vivenda para a conservación do inmovible, co fin de manter o aspecto estético, a funcionalidade e a boa imaxe construtiva do edificio, co mantemento do uso preexistente.

3.1.3.- Obras de mantemento e conservación na cuberta da vivenda no lugar de O Curro, Cira.

Vista a solicitude de licenza, presentada por *M. C. L. P.*
Registro de Entrada nº 1443 de data 8 de abril de 2015, para Obras de mantemento e conservación na cuberta da vivenda sita en O Curro, nº 9, Cira.

De acordo co informe emitido o 7 de xullo de 2015 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA OUTORGAR a LICENZA solicitada, con suxeición ás seguintes condicións:

ou outros materiais de fábrica, agás que sexan debidamente revestidos e pintados na forma que regulamentariamente se determine.

- Segundo o artigo 99 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda:

D.- Como norma general los cierres de obra de fábrica, postes de tendido eléctrico y demás elementos constructivos podrán autorizarse a SEIS (6) metros del eje del camino y en todo caso a TRES (3) metros del borde o arista exterior de la explanación, siendo definida esta según el art. 33.1 de la Ley de Carreteras.

E.- Cuando los cierres de obra de fábrica o desmontables, postes de tendido eléctrico y demás elementos constructivos, se soliciten con el compromiso de derribo o traslado por cuenta del propietario, el ayuntamiento podrá autorizarlas en este caso a TRES (3) metros del eje del camino y en todo caso a UN (1) metro de la arista exterior de la explanación o cuneta respectiva. El Ayuntamiento en base a necesidades de ampliación de infraestructura, implantación de servicios, etc., podrán ordenar el derribo o traslado de los cierres, postes y demás elementos constructivos con cargo a los propietarios en este caso y sin que estos puedan alegar derecho a reclamación o indemnización de ninguna clase sobre los mismos.

F.- En las zonas donde existan intersecciones de caminos y en una distancia de veinticinco (25) metros en los accesos que lo forman, los retranqueos mínimos anteriormente definidos para caminos rurales, tanto para edificaciones como para cierres y demás elementos constructivos se aumentarán en UN (1) metro en todos los casos a efectos de visibilidad y seguridad en la circulación de vehículos y personas.

Por outra parte, vistas as variacións nos recuados previstos no Plan Xeral aprobado inicialmente o 18 de decembro de 2012, comunícaselle que, de executar as obras solicitadas, quedarían sometidas ao réxime de fóra de ordenación que se estableza no futuro PXOM, unha vez aprobado este definitivamente.

3.1.5.- Obras de mantemento e conservación na cuberta da palleira destinada a apeiros de labranza no lugar de Reboredo, Taboada.

Vista a solicitude de licenza, presentada por *J. M. T. P.*
Rexistro de Entrada nº 1553 de data 3 de abril de 2015, para Obras de mantemento e conservación na cuberta da palleira destinada a apeiros de labranza sita en Reboredo, nº 9, Taboada.

De acordo co informe emitido o 6 de xullo de 2015 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA OUTORGAR a LICENZA solicitada, con suxeición ás seguintes condicións:

- As obras que se pretender realizar consistirán, segundo se manifesta na solicitude, en Obras de mantemento e conservación na cuberta da palleira destinada a apeiros de labranza. Indícase na mesma que se pretende substituír a tella vella do país por pranchas de fibrocemento de cor roxa. Neste sentido, o artigo 317.5.c (en SNR Histórico- Tradicional) e 324.5.c (en SNR Común) do planeamento aprobado inicialmente, establece que "Salvo en casos debidamente xustificadas e previa autorización preceptiva do Concello, o material preferente a utilizar na terminación da cubrición será a tella de cerámica". Cómpre sinalar que a lexislación vixente obriga ao acabado en tella curva das cubertas.

- Non se alterará ou modificará a configuración arquitectónica do edificio, nin afectará a súa estrutura ou instalacións xerais, e empregaranse materiais de iguais características que os tradicionais existentes no seu entorno.

- As obras consistirán exclusivamente na Obras de mantemento e conservación na cuberta da palleira destinada a apeiros de labranza para a conservación do inmovible, co fin de manter o

aspecto estético, a funcionalidade e a boa imaxe construtiva do edificio, co mantemento do uso preexistente.

3.1.6.- Obras de mantemento e conservación na cuberta da palleira destinada a apeiros de labranza no lugar de Reboredo, Taboada.

Vista a solicitude de licenza, presentada por P. N. L. Lopez, Rexistro de Entrada nº 1588 de data 15 de abril de 2015, para Obras de Substitución de tella en mal estado na edificación destinada a cuberto sita no Lugar de Portiño, nº 24, Dornelas.

De acordo co informe emitido o 8 de xullo de 2015 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA OUTORGAR a LICENZA solicitada, con suxeición ás seguintes condicións:

- As obras que se pretender realizar consistirán, segundo se manifesta na solicitude, na Substitución de tella en mal estado. Na solicitude indícase que se pretende colocar chapa tipo Onduline sandwich. Neste sentido, o artigo 317.5.c (en SNR Histórico- Tradicional) e 324.5.c (en SNR Común) do planeamento aprobado inicialmente, establece que "Salvo en casos debidamente xustificadas e previa autorización preceptiva do Concello, o material preferente a utilizar na terminación da cubrición será a tella de cerámica". Cómpre sinalar que a lexislación vixente obriga ao acabado en tella curva das cubertas.
- Non se alterará ou modificará a configuración arquitectónica do edificio, nin afectará a súa estrutura ou instalacións xerais, e empregaranse materiais de iguais características que os tradicionais existentes no seu entorno.
- As obras consistirán exclusivamente na Substitución de tella en mal estado para a conservación do inmovible, co fin de manter o aspecto estético, a funcionalidade e a boa imaxe construtiva do edificio, co mantemento do uso preexistente.

3.1.7.- Ampliación de instalación de subministro de carburante no lugar de As Pedrosas, Siador.

Vista a solicitude de licenza, presentada por J. J. B. P., en representación de ICOS SCG, Rexistro de Entrada nº 4655 de data 23 de outubro de 2015, para Ampliación de instalación de subministro de carburante sita Estrada Siador, Silleda EP6503. Ref. cat. 36052A048003950000KF, segundo o proxecto técnico asinado polo enxeñeiro industrial Fernando García-Pintos Escuder

Visto o informe emitido o 21 de xullo de 2015 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil do seguinte teor:

....

4. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como Solo rústico. Canto ao planeamento aprobado inicialmente, e que

se relaciona no punto 16.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a , está clasificado como solo rústico de protección agropecuaria. a parcela da fronte á estrada provincial EP 6503 Silleda- Siador- Refoxos.

5. O uso solicitado encadra dentro do artigo 33.2.f) da LOUGA e sería autorizable por licenza municipal directa segundo o artigo 36, salvo mellor criterio dos servizos xurídicos do Concello.

6. Cumprimento dos artigos 42, 44, 104 e 106 da LOLUPMRG:

Artigo 42. Condicións xerais das edificacións no solo rústico.

Artigo 42. Condicións xerais das edificacións no solo rústico.	CUMPRE
1. Para outorgar licenza ou autorizar calquera clase de edificacións ou instalacións no solo rústico deberá xustificarse o cumprimento das seguintes condicións:	
a) Garantir-lo acceso rodado público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación eo tratamento de augas residuais, a subministración de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, de ser o caso, a previsión de aparcadoiros suficientes, así como corrrixir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes. Estas solucións deberán ser asumidas como custo a cargo exclusivo do promotor ou da promotora da actividade, formulando expresamente o correspondente compromiso en tal sentido e achegando as garantías esixidas para o efecto pola administración na forma que regulamentariamente se determine.	SI
b) Preve-las medidas correctoras necesarias para minimiza-la incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así como todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e do medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.	SI
c) Cumprir as seguintes condicións de edificación:	
— A superficie máxima ocupada pola edificación en planta non excederá do 20 % da superficie do predio. Non entanto, as edificacións destinadas a explotacións gandeiras, os establecementos de acuicultura e as infraestruturas de tratamento ou depuración de augas poderán ocupar ata o 60% da superficie da parcela, e a ampliación dos cemiterios a totalidade da súa superficie. Excepcionalmente, os instrumentos establecidos pola Lei 10/1995, de ordenación do territorio de Galicia, poderán permitir unha ocupación superior para estas actividades, sempre que se manteña o estado natural, cando menos, nun terzo da superficie da parcela.	SI
— O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións existentes no solo rústico do contorno. No caso de que resulte imprescindible superalo por esixencias do uso ou da actividade autorizable, procurarase descompoñer en dous ou máis volumes conectados entre si co fin de adaptar as volumetrías ás tipoloxías propias do medio rural. En todo caso, deberanse adoptar as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do relevo natural dos terreos.	SI
— As características tipolóxicas da edificación deberán ser congruentes coas tipoloxías do contorno, en particular, as condicións de volumetría, tratamento de fachadas, morfoloxía e tamaño dos ocios, e das solucións de cuberta, que, en todo caso, estarán formadas por planos continuos sen crebas nas súas vertentes.	SI
— Nos solos rústicos de protección ordinaria, agropecuaria, forestal ou de infraestruturas, a altura máxima das edificacións non poderá superar as dúas plantas nin os 7 metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arinque inferior da vertente de cuberta. Excepcionalmente, poderá superar os 7 metros de altura cando as características específicas da actividade, debidamente xustificadas, fixeran imprescindible superalos nalgún dos seus puntos. Nos demais solos rústicos protexidos, as edificacións non poderán superar unha planta de altura nin 3,50 metros medidos de igual forma agás nos casos debidamente xustificadas de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas. Poderán igualmente exceptuarse aquelas instalacións propias de usos agrícolas, acuícolas ou gandeiros que necesiten alturas excepcionais, logo do informe, en todo caso, da consellaría competente na materia.(Texto engadido pola Lei 2/2010).	Non procede
— As características estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións do contorno. En tal sentido, para o acabado das edificacións empregárase a pedra ou outros materiais tradicionais e propios da zona. En casos xustificadas pola calidade arquitectónica da edificación, poderán empregarse outros materiais acordes cos valores naturais, coa paisaxe rural e coas edificacións tradicionais do contorno.	SI
— Os cerramentos e valados serán preferentemente vexetais, sen que os realizados con material	SI



opaco de fábrica excedan a altura de 1 metro, agás en parcelas edificadas, onde poderán alcanzar 1,50 metros. En todo caso, débense realizar con materiais tradicionais do medio rural no que se localicen, e non se permitirá o emprego de bloques de formigón ou outros materiais de fábrica, agás que sexan debidamente revestidos e pintados na forma que regulamentariamente se determine.	
d) Cumprir as seguintes condicións de posición e implantación: A superficie mínima da parcela sobre a que se situará a edificación será a establecida en cada caso por esta lei, sen que para tal efecto sexa admisible a adscrición doutras parcelas.	
Os edificios situaranse dentro da parcela, adaptándose no posible ó terreo e ó lugar máis apropiado para conseguila maior redución do impacto visual e a menor alteración da topografía do terreo.	SI
Os recuamentos das construcións ós lindes da parcela deberán garanti-la condición de illamento e, en ningún caso, poderán ser inferiores a 5 metros.	SI
As condicións de abancalamiento obrigatorio e de acabado dos bancais resultantes deberán definirse e xustificarse no proxecto, de modo que quede garantido o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración da topografía natural dos terreos.	n/d
Manterase o estado natural dos terreos, ou, se é o caso, o uso agrario deles ou con plantación de arboredo ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas.	SI
e) Farase constar obrigatoriamente no rexistro da propiedade a vinculación da total superficie real do predio á construción e ao uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ó uso e edificabilidade impostas pola autorización autonómica.	A XUSTIFICAR
f) En todo caso, o prazo para o inicio das obras será de seis meses contado desde o outorgamento da licenza municipal correspondente, debendo concluírse as obras no prazo máximo de tres anos, contando desde o outorgamento da licenza.	
g) Transcorridos os devanditos prazos, entenderase caducada a licenza municipal e a autorización autonómica, logo do expediente tramitado con audiencia do interesado, e será de aplicación o disposto no artigo 203 desta lei.	
2. As obras de derrubamento e demolición que se pretendan realizar en solo rústico seralles de aplicación o disposto no artigo 26 desta lei.	Non procede
Artigo 44. Condicións adicionais para outras actividades constructivas non-residenciais:	CUMPRE
1. As construcións en solo rústico distintas das sinaladas no artigo anterior, ademais das condicións xerais especificadas no artigo 42 desta lei, cumpriran as seguintes:	
a) A superficie da parcela na que se sitúa a edificación non será inferior a 3.000 metros cadrados, agás nos supostos previstos no artigo 33º.2, letras f) e j), desta lei e no tocante á ampliación de cemiterios e instalacións de tratamento e depuración de augas.	SI
b) Deberá xustificarse cumpridamente a idoneidade da localización elixida e a imposibilidade ou inconveniencia de situalas en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea. Tal xustificación non será necesaria cando se trate das construcións sinaladas no artigo 33º.2, letras a), b) c), d) e f).	33.2.f
2. Excepcionalmente, poderá outorgarse licenza, sen necesidade de autorización autonómica previa, para a execución de pequenas construcións e instalacións ao servizo e funcionamento das infraestruturas e obras públicas, sempre que quede xustificada a construción ou instalación coa natureza, extensión e destino actual do predio no que se localicen e non se superen os 50 metros cadrados de superficie total edificada nin a altura máxima dunha planta nin 3,50 metros. En todo caso, a tipoloxía da edificación e os materiais de construción serán os determinados no artigo 42º desta lei.	Non procede
Igualmente, poderá permitirse, sen suxeición ao disposto polos artigos 42 e 44 desta lei, a instalación de invernadoiros con destino exclusivo ao uso agrario que se instalen con materiais lixeiros e facilmente desmontables.	Non procede
Este réxime excepcional só será de aplicación no ámbito do solo rústico de protección ordinaria e de especial protección agropecuaria, forestal ou de infraestruturas.	
3. As obras de simple conservación e as obras menores ás que fai referencia o artigo 195.3 desta lei non precisarán autorización autonómica con anterioridade á obtención da preceptiva licenza urbanística municipal.	Non procede
4. As novas explotacións gandeiras sen base territorial non poderán situarse a unha distancia inferior a 1.000 metros dos asentamentos de poboación ea 250 metros da vivenda máis próxima. Cando se trate de novas explotacións con base territorial, a distancia mínima aos asentamentos de poboación e á vivenda máis próxima será de 100 metros.	Non procede
O planeamento urbanístico ou os instrumentos de ordenación do territorio poderán reducir ou aumentar estas distancias dentro do seu ámbito territorial de aplicación, respectando en todo caso o establecido pola lexislación sectorial que sexa de aplicación.	



Título III- Normas de aplicación directa	
Capítulo I- Disposicións xerais	
Artigo 104. Adaptación ó ambiente.	
As construcións e instalacións deberán adaptarse ó ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:	
a) As construcións en lugares inmediatos ou que formen parte dun grupo de edificios de carácter artístico, histórico, típico ou tradicional deberán harmonizar con el. Igualmente cando, sen existir un conxunto de edificios, houbese algún de grande importancia ou calidade dos caracteres indicados.	Non procede
b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, sexa rural ou marítima, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características histórico-artísticas, típicos ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contempla-las belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou implidan a contemplación do conxunto.	Non procede
c) A tipoloxía das construcións deberá ser congruente coas características do contorno e os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.	SI
d) Queda prohibida a publicidade estática que, polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.	SI
e) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.	SI
f) Nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como inundación, afundimento, incendio, contaminación, explosión ou outros análogos, non se permitirá ningunha construción, instalación ou calquera outro uso do solo que resulte susceptible de padecer estes riscos.	Non procede
Artigo 106. Protección das vías de circulación.	
1. As construcións e cerramentos que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes, en zonas non consolidadas pola edificación, terán que desprazarse un mínimo de 4 metros do eixe da vía pública á que dean fronte, agás que o instrumento de ordenación estableza unha distancia superior.	Si
En todo caso, deberá cumprirse o disposto pola lexislación sectorial de aplicación.	
2. Non se poderán realizar obras de construción de novas vías de circulación de vehículos automóviles que non estean previstas nos plans xerais ou noutros instrumentos de planeamento urbanístico ou de ordenación do territorio, sen prexuízo do disposto na lexislación sectorial de aplicación.	Non procede
7. Canto á tramitación ambiental, a LEI 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, a actuación proxectada figura no ANEXO no que se inclúen as actividades sometidas a Avaliación de Incidencia Ambiental, no punto 4.2. Gasolineiras e estacións de servizo; polo que se deberá proceder á tramitación da mesma segundo o regulado no artigo 24 e seguintes da mencionada Lei 9/20132.	
7.1 Cómpre sinalar que a actividade que agora se pretende ampliar conta con licenza municipal de obra e provisional de actividade concedida en xunta de goberno local do 10 de decembro de 2009, cuxa acta transcribe o informe inicial do arquitecto técnico municipal que non menciona a avaliación ambiental da actividade, que si era obrigatoria polo Decreto 133/2008, vixente naquel momento: punto "1.13.3. Gasolineiras e estacións de servizo" do ANEXO I Actividades suxeitas ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental.	
8. O proxecto presentado xustifica o cumprimento da normativa vixente en materia de Accesibilidade de Galicia, segundo se recolle na memoria e na documentación gráfica do proxecto.	
9. O proxecto presentado xustifica o cumprimento do establecido no Real Decreto 2267/ 2004, de 3 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de seguridade contra incendios nos establecementos industriais, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.	
10. O proxecto presentado xustifica o tratamento de augas residuais, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto. Porén, deberá estarse ao indicado na resolución de declaración de incidencia ambiental citada no punto 13.1 deste informe técnico.	
11. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento que figura na memoria técnica.	

12. Instalación de guindastres- torre. Para a solicitude de autorización de instalación de guindastres- torre e similares, deberase aportar a seguinte documentación:

12.1 Memoria descriptiva da instalación e planos de situación e emprazamento acoutados a escala suficiente para comprobar a situación real dos elementos da instalación e o estado da vía pública. Incluirase informe das condicións portantes do terreo baixo a grúa asinado polo técnico director da obra.

12.2 Xustificante da existencia de seguro de responsabilidade civil por parte da empresa instaladora que cubra o risco correspondente (fotocopia póliza de risco).

12.3 Certificado de homologación (ou no seu caso fabricación) ou inspección técnica do guindastre.

12.4 Certificados de montaxe do guindastre que se pronuncie sobre, polo menos, estes aspectos:

12.4.1 Datos da obra e instalación: situación (rúa/ lugar, número e poboación e referencia catastral da parcela), propietario do guindastre, (nome, DNI/NIF e nome e DNI do Xefe de Obra).

12.4.2 Característica do guindastre- torre: marca, tipo, ano de fabricación e número de fabricación.

12.4.3 Certificación do director dos traballos de montaxe e instalación, de que o guindastre- torre cumpre coas disposicións legais vixentes que lle son de aplicación.

12.4.4 Certificado do director dos traballos de montaxe e instalación do correcto funcionamento do guindastre e dos seus dispositivos de seguridade.

13. Segundo o indicado no artigo 196 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, sería preciso ter, previa concesión de licenza municipal, as autorizacións previas dos seguintes organismos:

13.1 Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a fin de que se proceda a emitir informe de Avaliación de Incidencia Ambiental.

13.1.1 O promotor aporta copia de resolución do 16 de xuño de 2015, pola que se formula a declaración de incidencia ambiental da ampliación da actividade de instalación de subministro de carburante na estrada SILLEDA- SIADOR, AS Ferreiras, do mencionado organismo, emitida con rexistro de saída 80940/ RX 923221 de 09/07/2015.

13.2 Servizo de Infraestruturas da Deputación Provincial de Pontevedra. O promotor aporta copia da autorización do mencionado organismo, asinada o 23 de decembro de 2014 e emitida con rexistro de saída nº 2014037508 de 30/12/2014.

De acordo coas referidas autorizacións e co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA OUTORGAR a LICENZA solicitada, nos termos establecidos nas devanditas autorizacións e informes. Unha vez rematadas as obras, o funcionamento legal da actividade requirirá a presentación da comunicación de inicio da mesma, utilizando para elo o modelo oficial.

3.1.8.- Construción de unidade de subministro de carburante en Estrada Silleda-Folgozo (CP2205). Silleda.

Vista a solicitude de licenza, presentada por R. S. A. S. A., en representación de COBIDEZA S.C., Rexistro de Entrada nº 4524 de data 16 de outubro de 2015, para unidade de subministro de carburante sita na Estrada Silleda- Folgoso (CP2205). Silleda.

Visto o informe emitido o 21 de xullo de 2015 polo arquitecto Lino Manuel Doportó Framil no que conclúe o seguinte:

...

3. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como Solo rústico. Canto ao planeamento aprobado inicialmente, e que se relaciona no punto 16.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a , está clasificado como solo rústico de protección forestal. A instalación da fronte á estrada provincial CP2205.

4. No proxecto que se está a tramitar preténdese a instalación de nova planta dunha unidade de subministro de combustible, independente da edificación destinada a comercio- almacén de produtos agrícolas e que se foi declarada en fóra de ordenación total en xunta de goberno local de 3 de agosto de 2012.

5. A instalación que se pretende é unha edificación nova na que se pretende desenvolver unha actividade complementaria das que se levan a cabo no edificio declarado fóra de ordenación (D.T. 3ª Lei 2/2010) da cooperativa, non unha estación de servizo. Este uso considérase viable para construcións novas nesta clase de solo segundo o establecido nos artigos 33.2.f e 36 da LOUGA.

6. Con data posterior a esta alegación, con rexistro de entrada nº 2856 de 22.XUÑ.2015, o promotor presenta "Anexo al proyecto de ejecución de una unidad de suministro de combustible en Silleda (Pontevedra)", visada polo colexio oficial nº 20151593 de 19/06/2015, con radios de xiro e sección consonte ao relacionado na alegación segunda.

7. Segundo o Decreto de 17 de junio de 1955, por el que se aprueba el Reglamento de Servicios de las Corporaciones Locales, no artigo 21 , punto 2:

2. En todo caso se examinará si el acto proyectado se ajusta a los planes de ordenación urbana y, además, si concurren las circunstancias que se expresan para cada uno de los relacionados:

(...)

b) Si los movimientos de tierras modifican el relieve del suelo de modo que pueda dificultar el destino previsto en los planes de ordenación o la armonía del paisaje, así como si se cumplen las condiciones técnicas de seguridad y salubridad.

c) Si las obras de edificación se proyectan sobre terreno que cumpla lo dispuesto por el artículo 138 de la Ley o, en su defecto, si el peticionario asume el deber de costear y realizar simultáneamente la urbanización, y si la construcción se atiene a las condiciones de seguridad, salubridad y estética adecuadas a su emplazamiento.

d) Si el edificio puede destinarse a determinado uso, por estar situado en zona apropiada y reunir condiciones técnicas de seguridad y salubridad, y, en su caso, si el constructor ha cumplido el compromiso de realizar simultáneamente la urbanización.

e) Si las construcciones pueden ser demolidas por carecer de interés histórico o artísticos o no formar parte de una conjunto monumental y si el derribo se proyecta con observancia de las condiciones de seguridad y salubridad.

Artículo 22



1. La apertura de establecimientos industriales y mercantiles podrá sujetarse a los medios de intervención municipal, en los términos previstos en la legislación básica en materia de régimen local y en la Ley 17/2009, de 23 de noviembre, sobre el libre acceso a las actividades de servicios y su ejercicio.

Número 1 del artículo 22 redactado por el apartado cuatro del artículo único del R.D. 2009/2009, de 23 de diciembre, por el que se modifica el Reglamento de servicios de las corporaciones locales, aprobado por D. de 17 de junio de 1955 («B.O.E.» 29 diciembre). Vigencia: 30 diciembre 2009

2. La intervención municipal tenderá a verificar si los locales e instalaciones reúnen las condiciones de tranquilidad, seguridad y salubridad, y las que, en su caso, estuvieren dispuestas en los planes de urbanismo debidamente aprobados.

3. Cuando, con arreglo al proyecto presentado, la edificación de un inmueble se destinara específicamente a establecimiento de características determinadas, no se concederá el permiso de obras sin el otorgamiento de la licencia de apertura, si fuere procedente.

8. A Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, establece, canto á tramitación da licenza, a documentación mínima da que constará un proxecto de actividade

Artigo 42. Tramitación mediante licenza municipal

1. Con anterioridade á apertura do establecemento público ou ao inicio do espectáculo público ou actividade recreativa, quen exerza a súa titularidade ou as persoas encargadas da súa organización deberán presentar unha solicitude de licenza perante o concello. A solicitude de licenza terá o seguinte contido:

a) Datos identificativos do/a titular ou de quen organice a actividade e, de ser o caso, da persoa que actúe na súa representación, indicando o seu nome e enderezo e incluíndo tamén os enderezos para comunicacións e notificacións telemáticas se elixe ese xeito de notificación.

b) Localización do establecemento público, espectáculo público ou actividade para o/a cal se solicita a licenza.

2. Xunto coa solicitude da licenza, quen exerza a titularidade ou as persoas encargadas da organización deberán presentar a seguinte documentación:

a) Proxecto técnico, entendido como o conxunto de documentos que definen as actuacións que se van desenvolver, co contido e detalle que lle permita á Administración coñecer o obxecto delas e determinar o seu axuste á normativa urbanística e sectorial aplicable. O proxecto que se presente incluírá o contido mínimo previsto pola normativa sobre prevención e seguridade en materia de incendios, deberá estar asinado polo/a técnico/a competente e deberá conter os datos e requisitos da normativa específica sobre edificación, prevención e control ambiental que sexan de aplicación aos proxectos construtivos e de actividades.

b) Plan de emerxencia, plan de autoprotección, memoria de mobilidade ou estudo de avaliación da mobilidade xerada, estudo de impacto acústico e dispositivo de asistencia sanitaria, redactados de conformidade coa normativa vixente, e sempre que os seus contidos non se incorporasen ao proxecto técnico a que fai referencia a alínea anterior.

c) Declaración da persoa titular ou organizadora, se é o caso, onde faga constar o compromiso de contratación dos seguros previstos nesta lei.

d) Documentación requirida pola normativa sobre rúidos, quentamento, contaminación acústica, residuos e vibracións e, en todo caso, a que determine a normativa sobre



prevención e control ambiental segundo corresponda en función das características do establecemento e das actividades que se van desenvolver nel.

e) Documento acreditativo da designación, por quen solicite a licenza, da persoa que debe asumir a responsabilidade técnica da execución do proxecto e que debe expedir a certificación que acredite a adecuación do establecemento á licenza outorgada, no cal debe constar o nome, o enderezo e a titulación e habilitación profesional da persoa designada.

f) A solicitude de licenza urbanística, se é o caso, acompañada pola documentación requirida pola normativa urbanística.

g) Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo concello competente.

(...)

9. Por outra parte, o parágrafo 5º do artigo 195 da LOUGA, establece o seguinte: "Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel responde o seu autor ou a súa autora para todos os efectos". Por tanto, á vista do sinalado nos puntos 7, 8 e 9 deste informe, para a concesión de licenza revisaranse os parámetros urbanísticos e aqueles que afecten á seguridade e salubridade e a preservación do entorno e dos bens culturais, sendo outros aspectos do proxecto exclusivamente responsabilidade do autor, salvo mellor criterio.

10. Cumprimento dos artigos 42, 44, 104 e 106 da LOLUPMRG:

Artigo 42. Condicións xerais das edificacións no solo rústico.	CUMPRE
1. Para outorgar licenza ou autorizar calquera clase de edificacións ou instalacións no solo rústico deberá xustificarse o cumprimento das seguintes condicións:	
a) Garantir-lo acceso rodado público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación eo tratamento de augas residuais, a subministración de enerxía eléctrica, a recollida, tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, de ser o caso, a previsión de aparcadoiros suficientes, así como corrixir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes. Estas solucións deberán ser asumidas como custo a cargo exclusivo do promotor ou da promotora da actividade, formulando expresamente o correspondente compromiso en tal sentido e achegando as garantías esixidas para o efecto pola administración na forma que regulamentariamente se determine.	SI
b) Preve-las medidas correctoras necesarias para minimiza-la incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así como todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e do medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.	SI
c) Cumprir as seguintes condicións de edificación:	
— A superficie máxima ocupada pola edificación en planta non excederá do 20 % da superficie do predio. Non entanto, as edificacións destinadas a explotacións gandeiras, os establecementos de acuicultura e as infraestruturas de tratamento ou depuración de augas poderán ocupar ata o 60% da superficie da parcela, e a ampliación dos cemiterios a totalidade da súa superficie. Excepcionalmente, os instrumentos establecidos pola Lei 10/1995, de ordenación do territorio de Galicia, poderán permitir unha ocupación superior para estas actividades, sempre que se manteña o estado natural, cando menos, nun terzo da superficie da parcela.	SI
— O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións existentes no solo rústico do contorno. No caso de que resulte imprescindible superalo por esixencias do uso ou da actividade autorizable, procurarase descompoñer en dous ou máis volumes conectados entre si co fin de adaptar as volumetrías ás tipoloxías propias do medio rural. En todo caso, deberanse adoptar as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do relevo natural dos terreos.	SI
— As características tipolóxicas da edificación deberán ser congruentes coas tipoloxías do contorno, en particular, as condicións de volumetría, tratamento de fachadas,	SI

<p>morfoloxía e tamaño dos ocos, e das solucións de cuberta, que, en todo caso, estarán formadas por planos continuos sen crebas nas súas vertentes.</p>	
<p>— Nos solos rústicos de protección ordinaria, agropecuaria, forestal ou de infraestruturas, a altura máxima das edificacións non poderá superar as dúas plantas nin os 7 metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arinque inferior da vertente de cuberta. Excepcionalmente, poderá superar os 7 metros de altura cando as características específicas da actividade, debidamente xustificadas, fixeran imprescindible superalos nalgún dos seus puntos. Nos demais solos rústicos protexidos, as edificacións non poderán superar unha planta de altura nin 3,50 metros medidos de igual forma agás nos casos debidamente xustificadas de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas. Poderán igualmente exceptuarse aquelas instalacións propias de usos agrícolas, acuícolas ou gandeiros que necesiten alturas excepcionais, logo do informe, en todo caso, da consellaría competente na materia. (Texto engadido pola Lei 2/2010).</p>	Non procede
<p>— As características estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións do contorno. En tal sentido, para o acabado das edificacións empregarase a pedra ou outros materiais tradicionais e propios da zona. En casos xustificadas pola calidade arquitectónica da edificación, poderán empregarse outros materiais acordes cos valores naturais, coa paisaxe rural e coas edificacións tradicionais do contorno.</p>	SI
<p>— Os cerramentos e valados serán preferentemente vexetais, sen que os realizados con material opaco de fábrica excedan a altura de 1 metro, agás en parcelas edificadas, onde poderán alcanzar 1,50 metros. En todo caso, débense realizar con materiais tradicionais do medio rural no que se localicen, e non se permitirá o emprego de bloques de formigón ou outros materiais de fábrica, agás que sexan debidamente revestidos e pintados na forma que regulamentariamente se determine.</p>	SI
<p>d) Cumpriñ as seguintes condicións de posición e implantación:</p>	
<p>A superficie mínima da parcela sobre a que se situará a edificación será a establecida en cada caso por esta lei, sen que para tal efecto sexa admisible a adscrición doutras parcelas.</p>	
<p>Os edificios situaranse dentro da parcela, adaptándose no posible ó terreo e ó lugar máis apropiado para conseguirla maior redución do impacto visual e a menor alteración da topografía do terreo.</p>	SI
<p>Os recuamentos das construcións ós lindes da parcela deberán garantir a condición de illamento e, en ningún caso, poderán ser inferiores a 5 metros.</p>	SI
<p>As condicións de abancalamiento obrigatorio e de acabado dos bancos resultantes deberán definirse e xustificarse no proxecto, de modo que quede garantido o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración da topografía natural dos terreos.</p>	n/d
<p>Manterase o estado natural dos terreos, ou, se é o caso, o uso agrícola deles ou con plantación de arboredo ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas.</p>	SI
<p>e) Farase constar obrigatoriamente no rexistro da propiedade a vinculación da total superficie real do predio á construción e ao uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ó uso e edificabilidade impostas pola autorización autonómica.</p>	A XUSTIFICAR
<p>f) En todo caso, o prazo para o inicio das obras será de seis meses contado desde o outorgamento da licenza municipal correspondente, debendo concluíse as obras no prazo máximo de tres anos, contando desde o outorgamento da licenza.</p>	
<p>g) Transcorridos os devanditos prazos, entenderase caducada a licenza municipal e a autorización autonómica, logo do expediente tramitado con audiencia do interesado, e será de aplicación o disposto no artigo 203 desta lei.</p>	
<p>2. Ás obras de derrubamento e demolición que se pretendan realizar en solo rústico seralles de aplicación o disposto no artigo 26 desta lei.</p>	Non procede
<p>Artigo 44. Condicións adicionais para outras actividades constructivas non-residenciais.</p>	
<p>1. As construcións en solo rústico distintas das sinaladas no artigo anterior, ademais das condicións xerais especificadas no artigo 42 desta lei, cumpriñ as seguintes:</p>	
<p>a) A superficie da parcela na que se sitúe a edificación non será inferior a 3.000 metros cadrados, agás nos supostos previstos no artigo 33º.2, letras f) e j), desta lei e no tocante á ampliación de cemiterios e instalacións de tratamento e depuración de augas.</p>	SI



b) Deberá xustificarse cumpridamente a idoneidade da localización elixida e a imposibilidade ou inconveniencia de situalas en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea. Tal xustificación non será necesaria cando se trate das construcións sinaladas no artigo 33º.2, letras a), b) c), d) e f).	33.2.f
2. Excepcionalmente, poderá outorgarse licenza, sen necesidade de autorización autonómica previa, para a execución de pequenas construcións e instalacións ao servizo e funcionamento das infraestruturas e obras públicas, sempre que quede xustificada a construción ou instalación coa natureza, extensión e destino actual do predio no que se localicen e non se superen os 50 metros cadrados de superficie total edificada nin a altura máxima dunha planta nin 3,50 metros. En todo caso, a tipoloxía da edificación e os materiais de construción serán os determinados no artigo 42º desta lei.	Non procede
Igualmente, poderá permitirse, sen suxeición ao disposto polos artigos 42 e 44 desta lei, a instalación de invernadoiros con destino exclusivo ao uso agrario que se instalen con materiais lixeiros e facilmente desmontables.	Non procede
Este réxime excepcional só será de aplicación no ámbito do solo rústico de protección ordinaria e de especial protección agropecuaria, forestal ou de infraestruturas.	
3. As obras de simple conservación e as obras menores ás que fai referencia o artigo 195.3 desta lei non precisarán autorización autonómica con anterioridade á obtención da preceptiva licenza urbanística municipal.	Non procede
4. As novas explotacións gandieiras sen base territorial non poderán situarse a unha distancia inferior a 1.000 metros dos asentamentos de poboación ea 250 metros da vivenda máis próxima. Cando se trate de novas explotacións con base territorial, a distancia mínima aos asentamentos de poboación e á vivenda máis próxima será de 100 metros.	Non procede
O planeamento urbanístico ou os instrumentos de ordenación do territorio poderán reducir ou aumentar estas distancias dentro do seu ámbito territorial de aplicación, respectando en todo caso o establecido pola lexislación sectorial que sexa de aplicación.	
Título III- Normas de aplicación directa	
Capítulo I- Disposicións xerais	
Artigo 104. Adaptación ó ambiente.	CUMPRE
As construcións e instalacións deberán adaptarse ó ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:	
a) As construcións en lugares inmediatos ou que formen parte dun grupo de edificios de carácter artístico, histórico, típico ou tradicional deberán harmonizar con el. Igualmente cando, sen existir un conxunto de edificios, houberse algún de grande importancia ou calidade dos caracteres indicados.	Non procede
b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, sexa rural ou marítima, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características histórico-artísticas, típicos ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, destiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.	Non procede
c) A tipoloxía das construcións deberá ser congruente coas características do contorno e os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.	Si
d) Queda prohibida a publicidade estática que, polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.	Si
e) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, as que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.	Si
f) Nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como inundación, afundimento, incendio, contaminación, explosión ou outros análogos, non se permitirá ningunha construción, instalación ou calquera outro uso do solo que resulte susceptible de padecer estes riscos.	Non procede
Artigo 106. Protección das vías de circulación.	
1. As construcións e cerramentos que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes, en zonas non consolidadas pola edificación, terán que desprazarse un mínimo de 4 metros do eixe da vía pública á que dean fronte, agás que o instrumento de ordenación estableza unha distancia superior.	Si



En todo caso, deberá cumprirse o disposto pola lexislación sectorial de aplicación.

2. Non se poderán realizar obras de construción de novas vías de circulación de vehículos automóbiles que non estean previstas nos plans xerais ou noutros instrumentos de planeamento urbanístico ou de ordenación do territorio, sen prexuízo do disposto na lexislación sectorial de aplicación.	Non procede
---	-------------

11. Canto á tramitación ambiental, a LEI 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, a actuación proxectada figura no ANEXO no que se inclúen as actividades sometidas a Avaliación de Incidencia Ambiental, no punto 4.2. Gasolineiras e estacións de servizo; polo que se deberá proceder á tramitación da mesma segundo o regulado no artigo 24 e seguintes da mencionada Lei 9/20131.

12. O proxecto presentado xustifica o cumprimento da normativa vixente en materia de Accesibilidade de Galicia, segundo se recolle na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

13. O proxecto presentado xustifica o cumprimento do establecido no Real Decreto 2267/ 2004, de 3 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de seguridade contra incendios nos establecementos industriais, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto. Porén, deberá estarse ao indicado na resolución de declaración de incidencia ambiental citada no punto 17.1 deste informe técnico.

14. O proxecto presentado xustifica o tratamento de augas residuais, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto. Deberá tamén estarse ao indicado na resolución de declaración de incidencia ambiental citada no punto 17.1 deste informe técnico.

15. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento que figura na memoria técnica.

16. Instalación de guindastres- torre. Para a solicitude de autorización de instalación de guindastres- torre e similares, deberáse aportar a seguinte documentación:

16.1 Memoria descritiva da instalación e planos de situación e emprazamento acoutados a escala suficiente para comprobar a situación real dos elementos da instalación e o estado da vía pública. Inclúese Informe das condicións portantes do terreo baixo a grúa asinado polo técnico director da obra.

16.2 Xustificante da existencia de seguro de responsabilidade civil por parte da empresa instaladora que cubra o risco correspondente (fotocopia pólza de risco).

16.3 Certificado de homologación (ou no seu caso fabricación) ou inspección técnica do guindastre.

16.4 Certificados de montaxe do guindastre que se pronuncie sobre, polo menos, estes aspectos:

16.4.1 Datos da obra e instalación: situación (rúa/ lugar, número e poboación e referencia catastral da parcela), propietario do guindastre, (nome, DNI/NIF e nome e DNI do Xefe de Obra).

16.4.2 Característica do guindastre- torre: marca, tipo, ano de fabricación e número de fabricación.

16.4.3 Certificación do director dos traballos de montaxe e instalación, de que o guindastre- torre cumpre coas disposicións legais vixentes que lle son de aplicación.

16.4.4 Certificado do director dos traballos de montaxe e instalación do correcto funcionamento do guindastre e dos seus dispositivos de seguridade.

17. Segundo o indicado no artigo 196 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, sería preciso ter, previa concesión de licenza municipal, as autorizacións previas dos seguintes organismos:



17.1 Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a fin de que se proceda a emitir informe de Avaliación de Incidencia Ambiental. O promotor aporta copia de resolución do 22 de maio de 2015, pola que se formula a declaración de incidencia ambiental da actividade de unidade de subministro de combustible na estrada CP-2205 de Pontevedra, número 34 no Concello de Silleda, emitida polo mencionado organismo con rexistro de saída 52533/RX 696915 de 27/05/2015.

17.2 Servizo de Infraestruturas da Deputación Provincial de Pontevedra. O promotor aporta copia da autorización do mencionado organismo, asinada o 28 de novembro de 2014 e emitida con rexistro de saída nº 2014035738 de 05/12/2014.

Polo exposto, e de acordo coas referidas autorizacións e co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA:

1º.- DESESTIMAR as alegacións presentadas o 07/05/2015 pola representación da ASOCIACIÓN GALEGA DE DISTRIBUIDORES DE GASÓLEO (AGADISGAS), polos motivos expostos no informe técnico transcrito.

2º.- OUTORGAR a LICENZA solicitada, nos termos establecidos nas devanditas autorizacións e informes. Unha vez rematadas as obras, o funcionamento legal da actividade requirirá a presentación da comunicación de inicio da mesma, utilizando para elo o modelo oficial.

4º.- INTERVENCIÓN.

4.1.- Concesión de subvencións a entidades deportivas. Ano 2015

Á vista da proposta do 15/07/2015, da Comisión Valorativa das solicitudes de subvencións para entidades deportivas do Concello de Silleda para este exercicio 2015, do seguinte teor:

"Dacordo coas Bases específicas reguladoras da convocatoria para o outorgamento de subvencións para entidades deportivas do Concello de Silleda para este exercicio 2015, réunese a Comisión Valorativa a revisión da documentación e análise dos criterios establecidos nas citadas bases para a concesión de subvencións e a súa contía:

- Ana Luisa González Costa, Concelleira de Deportes.
- Klaus Brey Montaña, Concelleiro de Medio Ambiente.
- Sara Blanco Gil, Traballadora municipal experimentada na tramitación e xestión de expedientes administrativos.

O número de entidades que concorreron a esta convocatoria ascende a 11:

- S.D. Silleda.
- Escola de fútbol de Silleda.
- Club axedrez Ágora.
- Toxarco.



Concello de Silleda

- *Clube Petanca Bandeira.*
- *S.D. Bandeira*
- *Sociedade de Caza e Pesca e Tiro.*
- *Club Río Deza.*
- *Asociación Deportiva Exlieta.*
- *C.F. Laro*

O cadro de puntuacións dacordo cos criterios establecidos para a adxudicación das subvencións a puntuación outorgada a cada clube, quedou do seguinte xeito:

Entidade	Puntos Totais
S. D. Silleda	73
Escola de fútbol de Silleda	<i>Establecido nas bases a contía reservada.</i>
Clube de xadrez Ágora	8
Toxarco	15
Clube Petanca Bandeira	41
C.F. Lamela	69
S.D. Bandeira	95
Soc. Caza e Pesca e Tiro	55
Clube Río Deza	30
C.F. Laro	69

Dacordo a esta puntuación, propónse outorgar as seguintes contías ás entidades presentadas á convocatoria:

Entidade	Contía
S. D. Silleda	2.312,25 €
Escola de fútbol de Silleda	10.000,00 €
Clube de xadrez Ágora	147,00 €
Toxarco	277,00 €
Clube Petanca Bandeira	1.240,00 €
C.F. Lamela	2.281,42 €
S.D. Bandeira	3.083,00 €
Soc. Caza e Pesca e Tiro	1.849,80 €
Clube Río Deza	554,00 €
C.F. Laro	2.281,42 €

Queda desestimada a solicitude da Asociación Deportiva Exlieta por non axustarse ás bases, xa que é un clube que non está federado".

Polo exposto, e de acordo coa proposta que se acaba de transcribir, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA outorgar as subvencións para entidades deportivas do Concello de Silleda para este exercicio 2015 nos termos que figuran na proposta da Comisión Valorativa do 15/07/2015, e desestimar a solicitude da Asociación Deportiva Exlieta polas razóns transcritas.




Concello
de
Silleda

Fora xa da parte resolutiva, a concelleira Ana Luisa González Costa da conta das xestións efectuadas para a contratación, mediante Decreto da Alcaldía, da póliza de seguro do parque móvil, e o Sr. Alcalde da conta da petición de varios taxistas de que polo Concello se acrediten determinados extremos en relación coa afluencia de persoas e a demanda do servizo de taxis por mor de diversas festas.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás trece horas, extendéndose a presente acta, do que como secretaria, dou fe e certifico.

Silleda, a 21 de xullo de 2015

Vº e Prace
O ALCALDE,



Manuel Cuiña Fernández

A SECRETARIA



María Cácharro López